



ÁREA TEMÁTICA /

Sociedade da información

Orzamento / 87.000 €

Axuda do FEDER / 60.900 €

Medidas /

- Acceso wi-fi en espazos de uso público tanto abertos como pechados da zona norte: espazos verdes situados na Almáciga (Monte da Almáciga), Belvís (Parque de Belvís) e Bonaval (Parque de Bonaval) así como en Vista Alegre. Tamén nos centros socioculturais da Trisca e de Vite.
- Posta en marcha dunha incubadora virtual de empresas de economía social: trátase dun instrumento de apoio á creación de microempresas e empresas de economía social, favorecendo o autoemprego e xerando un contorno innovador. Elaborarase unha páxina web destinada a servirlle de axuda ao emprendedor. Nela ofreceranse entre outros contidos: información



actualizada de interese, contidos pedagóxicos ou a posibilidade de gozar dun asesoramento virtual personalizado. Crearanse espazos virtuais de debate en relación co mundo empresarial, achega de ideas, etc.

ÁREA TEMÁTICA /

Fomento da integración social e igualdade de oportunidades

Orzamento / 1.700.000 €

Axuda do FEDER / 1.190.000 €

Medidas /

- Programas integrais con actuacións en materia de igualdade de oportunidades; apoio, acollida e integración de inmigrantes; dinamización sociocultural e integración para o colectivo xitano. O obxectivo destes programas é facilitar un desenvolvemento equilibrado e a cohesión social da poboación dos barrios da zona norte. Os programas abarcarán os seguintes ámbitos:
 - Ámbito da participación e dinamización social.
 - Ámbito de promoción da autonomía persoal.
 - Ámbito da inclusión social.

– Ámbito da intervención socioeducativa comunitaria para a integración de colectivos en risco de exclusión con familias, infancia e mozos en situación de desvantaxe social.

- Construción e equipamento dunha escola infantil en Salgueiriños: dirixida á etapa de 0 a 3 anos para o desenvolvemento das capacidades cognitivas propias desas idades. Desenvolvemento da psicomotricidade, da linguaxe e da socialización.

ÁREA TEMÁTICA /

Medio ambiente urbano e redución e tratamento de residuos

Orzamento / 704.165,00 €

Axuda do FEDER / 492.915,50 €

Medidas /

- Acondicionamento e mellora da accesibilidade a parques e espazos públicos:
 - Instalación de sistema de rego intelixente nos parques de Belvís, Vite e A Almáciga que permitirá facer un uso máis racional da auga.
 - Apertura dun corredor ecolóxico entre todos os parques da área do proxecto Urbana, mediante o acondicionamento, a sinalización e a posta en marcha dunha vía de comunicación alternativa para peóns e bicicletas.
 - Construción dunha vía verde que comunique os parques de Bonaval e A Almáciga, de xeito que se facilite o acceso a este último.
 - Restauración do Monte de Deus para convertelo nun punto de encontro e nunha zona de lecer da poboación en xeral e en particular do barrio de Vite. Construírse un miradoiro sobre a cidade que será incluído na listaxe de puntos de interese turístico.
- Restauración do río Sarela entre Romaño e Galeras: procurarase buscar a recuperación do seu uso público e pór en valor todos os elementos relacionados co río para integrar o río coa cidade histórica.



ÁREA TEMÁTICA /

Desenvolvemento do tecido económico. Accións a favor do emprego, da actividade empresarial, e en particular das PEME e das microempresas

Orzamento / 2.099.017,00 €

Axuda do FEDER / 1.469.311,90 €

Medidas /

- Apoio á actividade empresarial: concesión de axudas a aquelas persoas interesadas en emprender un novo negocio ou consolidar un xa existente:

- Posta en marcha en cada un dos barrios dun programa de simulación empresarial que facilite a aprendizaxe dos diferentes procesos que engloba a xestión dunha empresa.
- Promoción dun concurso anual de novas ideas empresariais.
- Liña de axudas directas para empresas de recente creación que facilite a súa consolidación no mercado.
- Campañas promocionais do comercio de proximidade con guías e folletos de apoio e a realización de animación comercial na rúa.
- Liña de axudas directas aos comercios de proximidade para reformar os seus negocios e adaptarse ás novas tecnoloxías da comunicación.

- Recuperación de corredores comerciais e fomento da actividade comercial:

- Reactivación da rede comercial na rúa Concheiros e arredores para facer desta rúa un eixo comercial que una os barrios de San Pedro e Fontiñas.
- Organización nas terrazas do parque de Belvís de mercados periódicos, dotando a zona da infraestrutura necesaria para que os pequenos comerciantes poidan vender os seus produtos alimentarios e artesanais.

- Programas promovidos por ONG's de apoio a colectivos con difícil inserción laboral e que incluirán, entre outras, as seguintes actuacións:

- Asesoramento a desempregados de difícil inserción, con oferta formativa personalizada e axustada á demanda das empresas da cidade.



- Deseño de itinerarios personalizados de inserción que incluirán labores de intermediación laboral e dirixidos a garantir un período de prácticas en empresas.

- Obradoiros ocupacionais enfocados aos sectores profesionais máis demandados polas empresas da cidade e incluído un módulo de formación orientado á busca de emprego.

- Programa de obras e emprego: contratación de 45 persoas desempregadas para a realización de obras de interese social. No programa constituiranse tres equipos que, paralelamente á práctica laboral recibirán formación para a mellora das súas habilidades para o emprego. Entre as obras para realizar, estes equipos ocuparanse dos traballos de restauración do río Sarela.

